

COMISIÓN PARA A DEFENSA DA PROFESIÓN E PREVENCIÓN DO INTRUSISMO DO COPG CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG Nº 263 (Decembro 2016)

A Comisión para a Defensa da Profesión e Prevención do Intrusismo do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia creouse co obxectivo de fomentar e potenciar o recoñecemento da psicoloxía como profesión necesaria na sociedade.

Pretende erradicar a proliferación das pseudoterapias, pseudociencias ou prácticas non reguladas de profesionais doutros ámbitos e que realizan actividades propias dos e das profesionais da psicoloxía.

Ao longo do ano 2016, recibíronse na Secretaría do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia un total de **29 queixas** por intrusismo profesional. As casuísticas máis comúns de queixa son as de profesionais doutro ámbito realizando actividades propias da psicoloxía, a mala denominación da súa titulación denominándose como psicólogos ou psicólogas clínicas sen estar en posesión do Título de Psicólogo/a Especialista en Psicoloxía Clínica, ou psicólogos e psicólogas colexiadas noutra comunidade autónoma sen acatar o artigo 3.2 da Lei 2/1974, de 13 de febreiro e a súa reforma na Lei 25/2009, de 22 de decembro (Lei Omnibus), a cal indica que é requisito para o exercicio da profesión estar inscrito no colexio profesional de psicoloxía correspondente segundo a comunidade autónoma na que exerza.

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía realizáronse accións de difusión dirixidas especificamente á sensibilización, a través de escritos a diferentes entidades e das redes sociais, sobre a importancia da garantía profesional dos servizos que se demandan.

Preocúpanos enormemente o fenómeno que se está producindo ao redor das necesidades de axuda psicolóxica na cidadanía e as “falsas ofertas” de pseudoterapias en mans de persoas que carecen de ningunha titulación no ámbito da psicoloxía e dun mínimo de sentido ético e de rigor científico nas propostas que manexan.

No mes de maio tamén se puxo en marcha no Consejo General de la Psicología un Grupo de Trabajo para a Defensa da Psicoloxía e contra o Intrusismo Profesional coordinado por Fernando García Sanz, vogal da Xunta de Goberno do Consejo e decano do COP Andalucía Occidental. Desde o Consejo preténdese facer de maneira homoxénea que participen todos os Colexio do Estado. En principio cada un deles correspóndelle xestionar os casos de intrusismo que se detecten no seu ámbito territorial. Tamén se puxo en marcha unha páxina web, STOP intrusismo. Podes consultala no enlace www.stopintrusismoenlapsicologia.es

Por último, no mes de novembro a Comisión para a Defensa da Profesión e para a Prevención do Intrusismo do Colexio creou un Grupo de Trabajo xunto co Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia co obxectivo de realizar un traballo conxunto para abordar temáticas desde os dous ámbitos profesionais. A primeira reunión celebrouse o pasado 26 de novembro na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. A finais do primeiro trimestre de 2017 presentaranse as conclusións acadadas polo grupo.

É un labor de todos e todas contribuír á eliminación do intrusismo como un problema que pode poñer en risco a saúde dos usuarios e usuarias.